

# TRABALLADORAS/ES DA SANIDADE DA PROVINCIA DE A CORUÑA

## LOITANDO POLOS NOSOS SALARIOS E UNHAS CONDICIÓN S DE TRABALLO DIGNAS

### → Por que nos manifestamos?

Estamos a negociar un novo convenio que regule as nosas condicións de traballo. A patronal, os “donos da sanidade privada”, insiste en non querer mellorar as nosas condicións de traballo e incluso en quitarnos dereitos que xa tiñamos.

### → Que nos ofrecen?

Os donos da sanidade privada da provincia de A Coruña limítanse a subir ata o mínimo legal o salario dos que menos cobramos, e a cambio queren quitarnos o que cobramos por antigüidade ou que deixemos de cobrar o 100% en caso de baixa médica

### → Que pedimos nós?

**Aumento salarial:** acorde ao coste da vida. Temos salarios dos máis baixos do mundo laboral, algúns de nós por convenio cobra menos do salario mínimo legal. **Reducción da xornada anual:** dentro do sector sanitario somos dos que máis horas anuais traballamos; máis que na provincia de Pontevedra, máis que no H. POVISA ou unhas 200 horas máis que no SERGAS.

**Actualización dos permisos. Cobro dos festivos traballados.**

